

INFORMACIÓN XERAL


LEXISLACIÓN E FUNCIONAMENTO

Dende o curso 2014-2015 a nosa biblioteca está integrada no PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares), proxecto de innovación das bibliotecas escolares impulsado pola Xunta de Galicia. Anualmente elaboramos un *Proxecto Anual* estreitamente vinculado a outros documentos elaborados polo centro, como o *Proxecto Lector* e o *Plan Anual de Lectura*. O funcionamento da biblioteca xestiónase a través dun membro do profesorado que actúa como coordinador e un número variable de docentes que exercen como equipo colaborador, colaborando nas distintas tarefas derivadas do Proxecto Anual.



ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

O local da biblioteca ten unha superficie de 150 m² e está organizada en diferentes espazos tal e como podemos apreciar no plano adxunto.



DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS

En canto á distribución dos recursos, á parte das seccións clásicas creamos nestes últimos cursos as seccións de *Literatura Xuvenil en galego* e *Literatura Xuvenil en Castelán* e máis recentemente a sección de *Literatura Feminista*. Asemade continuamos completando a sección de *Banda Deseñada*, que ampliamos en 2018 coa subscripción á revista de cómic en galego *A viñeta de Schrödinger*, e a incorporación do primeiro manga de autoría galega: TAM, de Aldara Álvarez . Ademais, repartidos nas distintas seccións, contamos cos libros clasificados baixo o epígrafe *Con L de local*, onde incluímos todos aqueles exemplares cuxa autoría ou contido teñan algo que ver con Ribadeo e a súa contorna.

Xa fóra da biblioteca podemos disfrutar dunha exposición permanente de *Libros Adicados* e outra de *Libros Antigos e/ou Curiosos* e, repartidas por distintas dependencias do centro (vestíbulo, cafetería, pasillo da administración), a sección de *Libros Libres* (exemplares que se poden levar e consultar libremente)




Libros libres no vestíbulo



Primeiro "manga" galego



Exemplar da sección de *Libros adicados*



Exemplar da sección *Con L de local*



Sección de *Banda deseñada*


XESTIÓN A TRAVÉS DE MEIGA

En xuño de 2018 a nosa biblioteca contaba cun total de 2780 exemplares rexistrados.

O rexistro, catalogación e xestión do sistema de préstamos está totalmente informatizado a través do programa MEIGA, promovido pola Biblioteca de Galicia da Xunta de Galicia, unha rede na que podemos atopar fondos de museos, arquivos, fundacións, bibliotecas públicas, de institucións públicas ou privadas e centros de ensino. Desta forma cada biblioteca enriquece a rede e esta ofrece a toda a comunidade un amplo abano de posibilidades onde atopar información, documentación, recursos, web, buscadores, revistas, etc.



NOVAS TECNOLOXÍAS- RECURSOS NON DOCUMENTAIS



Á parte dos recursos documentais físicos (libros, revistas, CD,DVD...), contamos con:

- 6 ordenadores de sobremesa
- 2 portátiles
- 1 impresora
- 1 cámara de vídeo
- 5 lectores dixitais (con 64 títulos dispoñibles)
- 1 canón proxector.

HORARIO E USUARIOS

Horario

A biblioteca está aberta a disposición dos usuarios sempre que está aberto o centro, incluso durante as vacacións (neste caso, con horario reducido):

Luns: de 8:30 a 14:00 h. e de 15:30 a 21:20 h.

Martes, mércores e xoves: de 8:30 a 14:00 h. e de 16:20 a 21:20 h.

Venres: de 8:30 a 14:00 h.

Usuarios

Impulsamos o uso da biblioteca como espazo de traballo en horario extraescolar.

Consideramos a biblioteca como un lugar de encontro, aprendizaxe e traballo, non só para o alumnado do centro, senón para calquera posible usuario da contorna que poida beneficiarse do amplo horario no que o centro está aberto ao público, por impartirmos ensinanzas de adultos.

Con isto, pensamos especialmente nas familias con menos recursos (a ausencia de conexión a internet no domicilio, de novas tecnoloxías ou de recursos bibliográficos mínimos non poden ser un impedimento para que calquera alumno ou alumna siga con aproveitamento o seu proceso formativo) e tamén no alumnado en xeral

que colleu o hábito de asistir á biblioteca polas tardes, especialmente para realizar traballos en equipo. Incluso a frecuentan con certa regularidade persoas que no pasado estiveron matriculadas no centro, pero que xa non o están: algún veciño da zona, universitarios en período de preparación de exames e tamén xente allea ó centro, principalmente opositores.



ACTIVIDADES

Ao longo do curso desenvolvemos diversas actividades de dinamización encamiñadas a aumentar o hábito lector: encontros con autores/-as; asistencia a conferencias, recitais, actuacións musicais, charlas e representacións teatrais; concursos; xogos; exposicións; actividades conmemorativas coincidindo con datas ou acontecementos concretos (Día das Letras Galegas, Día do Libro, etc...); elaboración de materiais relacionados con algunha das actividades: marcapáxinas, edición de caderniños e folletos con diversos fins, realización de vídeos... Colaboramos nos diversos proxectos que promove o centro e que implican busca de información e/ou utilización de recursos da biblioteca (Feira da Ciencia, Proxecto Ríos, intercambios co estranxeiro, etc.)



Concurso Coñeces a túa biblioteca?



Celebrando o Nadal



O Samaín na nosa biblioteca



Agasallos do concurso *A Palabra Perdida*

FORMACIÓN DE USUARIOS

No primeiro trimestre, organizamos sesións de formación de novos usuarios de biblioteca específicas para o alumnado de 1º de ESO, que complementamos ao longo do curso cos concursos *A palabra perdida* e *Cofñeces a túa biblioteca?*, encamiñados a que o alumnado se vexa obrigado a utilizar a biblioteca e buscar nela recursos de xeito lúdico.

Ao rematar o curso realizamos visitas guiadas para o futuro alumnado dos centros adscritos. Os visitantes repártense en pequenos grupos e, acompañados por representantes do noso alumnado, percorren as distintas dependencias do centro. Entre elas, a biblioteca, onde son recibidos pola coordinadora.



HORA DE LER

No curso 20187-2019 iniciamos o proxecto Hora de Ler, recollido no *Proxecto Lector* do centro. A *Hora de Ler* supón un tempo reservado á lectura dentro do horario lectivo na que participan todos os grupos de alumnado da ESO. A súa finalidade é a de axudar a crear hábitos de lectura, desvinculándoa das materias puramente lingüísticas. Realízase durante 20 minutos dunha clase á semana, segundo establece o Plan Anual de Lectura e desenvólvese na aula, onde o profesorado tamén estará lendo e exercendo como modelo lector.

